



## O Consello de Redacción de *Encrucillada* con Andrés Torres Queiruga

---

Tendo este número practicamente pechado, o Consello de Redacción de *Encrucillada* recibe con tristura e pesar a publicación da *Notificación sobre algunhas obras do Prof. Andrés Torres Queiruga*, o 30 de marzo de 2012, por parte da Comisión Episcopal para a Doutrina da Fe. Sen tempo para elaborar unha reflexión teolóxica extensa e de fondo sobre todos e cada un dos temas tratados nese documento, só podemos apurar unhas breves liñas xerais que, sen renunciar a dicir algo concreto, amosen o sentir unánime do Consello de Redacción. Este sentir tradúcese en agradecemento, ánimo e apoio ao traballo de Torres Queiruga e tamén, por suposto, no respecto debido á Comisión Episcopal. O cal non impide, porén, unha reflexión libre e construtiva sobre a “Notificación”. Máis ben, ao contrario, esíxea.

O primeiro que hai que dicir, despois dunha atenta lectura do documento, é que a CEE *non condena* nin a persoa nin o pensamento de Torres Queiruga. Tan só *advirte* de que hai unha serie de cuestións teolóxicas nas que o pensamento do autor non parece reflectir de forma acaída o que o Maxisterio considera que é a fe da Igrexa. O documento ten, pois logo, a intención de ofrecer unha clarificación ao respecto. Con todo, a ninguén se lle escapa que, de feito, a propia publicación do documento xa ten ante a opinión pública un efecto semellante ao dunha condena en sentido estrito. Pero sendo fieis á letra do texto é absolutamente errado sacar, sen máis, esa conclusión.

En segundo lugar, cómpre salientar algo que se atopa no inicio do documento. Alí dise que a “preocupación por «repensar» a ensinanza tradicional da Igrexa” que caracteriza a obra de Torres Queiruga é unha preocupación loable. Esta loable intención concrétese en dous aspectos da máxima importancia:

1) “amosar de modo comprensible para o home de hoxe en que consiste a experiencia da que se fala no anuncio cristián e expresan as formulacións de fe”;

2) “presentar unha imaxe de Deus que, en lugar de suscitar medo, permita recoñecelo como «todo amor», e unha imaxe do cristianismo que lle permita non ser excluído do diálogo cultural e relixioso”.

Cómpre meditar sobre estas dúas afirmacións. Son, talvez, os dous alicerces que estruturan os mellores traballos teolóxicos dende a modernidade ata hoxe. Estará a Igrexa sobrada de teólogos que construísen sobre eses piares pontes transitables co pensamento actual? O problema parece estar no perigo que, segundo o documento, encerra ese loable intento: “reducir a fe cristiá ás categorías da cultura dominante que poderían eliminar ou escurecer a novidade introducida pola Encarnación do Fillo de Deus”. O documento, en todo o que segue, dá por feito, sen probalo de xeito acaído —ao noso entender—, que este perigo se realiza na teoloxía de Torres Queiruga. Pensamos que un mínimo coñecemento da obra completa do autor convencerá o lector —como nos convence a nós— do contrario.

En terceiro lugar, e sen poder entrar en máis detalles, sinalamos un problema de interpretación e algúns exemplos ilustrativos. Os redactores da “Notificación” parecen ler a obra de Torres Queiruga utilizando unha hermenéutica desconfiada. Sería irresponsable afirmar, sen probas, que a aplicación desa hermenéutica de prevención é intencionada, para así, comprender os textos do autor no peor dos sentidos posibles. A consideración e o respecto máis elemental que merece a Comisión Episcopal, impídenos crer tal cousa. Agora ben, o certo é que moitas das conclusións que tiran dos textos citados do autor son, cando menos, abraiantes.

Velaquí algúns exemplos: calquera lector da obra de Torres Queiruga sabe que o autor de ningún xeito confunde o Creador coa criatura, ou a benaventuranza —a salvación— cun “mero desenvolvemento da natureza”. O contrario só se pode soste ignorando as súas obras *Recupera-la creación* (Vigo, 1996) e *Recupera-la salvación* (Vigo, 1977). Ademais, nos seus escritos nunca aparece

ese fatídico “mero” coa que a “Notificación” reduce a súa concepción da salvación. O mesmo sucede coa revelación. Na concepción da revelación o autor non fala nunca e unicamente de “maiéutica”, senón sempre de “maiéutica *histórica*” como un concepto único, cousa que o documento non ten suficientemente en conta (Cfr. cap. IV de *A revelación de Deus na realización do home*, Vigo, 1985). De igual xeito, a crítica de apofatismo sorprende, porque ignora todo canto o autor escribiu sobre o carácter real do coñecemento humano tocante a Deus a raíz das súas teses sobre Amor Ruibal e Xavier Zubiri. No mesmo sentido hai que dicir que a simpatía de Torres Queiruga coa forza suxestiva e interpeladora dos contos, parábolas e apotegmas de Tony de Mello non lle fan ignorar o perigo oriental —tantas veces sinalado polo autor— de esfumar algo que el considera absolutamente capital na concepción de Deus: o seu carácter persoal e a capacidade da linguaxe humana de referirse realmente a El (Cfr. *Constitución y evolución del dogma*, Madrid, 1977, ademais do prólogo das *Obras Completas* de Tony de Mello, das cales Torres Queiruga non é editor —como di a “Notificación”—, senón unicamente autor do prólogo). Outro exemplo: a alusión crítica á súa concepción da infalibilidade ignora o capítulo IV do seu libro *Fin del cristianismo premoderno* (Santander, 2000). Nese capítulo o autor, logo de explicar claramente o que é —e o que non é— a infalibilidade (comprendéndoa á luz da *indefectibilidad* de toda a Igrexa), deféndeala nos casos nos que se xoga a identidade definitiva da Igrexa cristiá. Esta defensa lévao incluso a manifestar algunhas reservas acerca da interpretación que ofrece H. Küng.

Na mesma liña podemos dicir que poucos autores haberá que defendesen igualmente o carácter pleno, definitivo e insuperable da revelación divina acontecida en Xesús Cristo. A súa concepción do “pluralismo asimétrico” é xustamente unha confesión implícita desta defensa. Sendo o pluralismo relixioso un dato de feito, de onde ven, se non, a *asimetría* que o autor sostén? Pois da súa insistencia en que non todas as relixións son iguais, aínda que todas sexan feitos humanos específicos que responden na medida das súas posibilidades á universal vontade reveladora e salvífica do único Creador. A relixión cristiá e a súa Igrexa non se fundan en si mesmas, senón no acontecido en Xesús Cristo: por iso o cristianismo, en canto

relixión, e a Igrexa, en canto comunidade de crentes, testemuñan a plenitude dunha revelación que incluso para elas se converte en esixencia constante, en doazón nunca plenamente posuída, en realidade nunca esgotada e, por iso, en desafío permanente dunha nova e plena fidelidade xamais definitivamente conseguida. Torres Queiruga non sostén que a revelación de Deus en Cristo sexa “limitada, incompleta ou imperfecta”. Ao contrario, sostén que a manifestación de Deus en Cristo (*teocentrismo xesuánico*) marca unha asimetría decisiva no mundo das relixións, que fai do acontecido en Xesús a revelación insuperable do amor de Deus ao mundo. Porén, isto non enfronta o cristianismo ás outras relixións, porque onde se ve a plenitude da revelación que funda o propio cristianismo, é na continuidade e no diálogo coas outras tradicións.

Respecto da *resurrección* debemos dicir que Torres Queiruga confesa e ensina reiteradamente a fe da Igrexa na real e verdadeira resurrección de Cristo. Agora ben, ofrece unha interpretación teolóxica da mesma que, en absoluto, a nega. Antes ben, ao contrario, permite comprendela no seu máis xenuíno significado. O seu cuestionamento do carácter empírico das aparicións e da veracidade histórica do relato do sepulcro baleiro como dato fundamental para a fe, poderá ser, ou non, compartido, pero é lexítimo como oferta dunha explicación teolóxica significativa. O cardenal Walter Kasper, p. e., sostén, que: “a resurrección como tal non é constatable historicamente”. E máis adiante: “aínda presupondo que puidésemos probar o feito do sepulcro baleiro, isto non sería nin de lonxe unha proba da resurrección. O feito do sepulcro baleiro é ambiguo” (*Jesús. El Cristo*, Salamanca, Sígueme, 1994 [orixinal alemán, 1974], 161). Verbo das aparicións podemos ler na mesma obra: “as aparicións non representan acontecementos obxectivamente cousísticos. Non se pode miralas como observador neutralmente distanciados” (173). Torres Queiruga insiste reiteradamente, con matices e ampliacións propias, na mesma idea: o resucitado, como Deus mesmo, transcende absolutamente o espazo e o tempo; por iso, un encontro verdadeiro con el non pode conlevar, pola súa parte, formas de presenzas non divinas, senón, máis ben, todo o contrario. Así pois, mesmo se isto non o comparten todos os teólogos, aínda que si moitos (sobre todo os que estudan monografi-

camente este misterio: cf. *Repensar a resurrección*, 26-31), non é acáído nin correcto dicir que esta concepción *teolóxica* nega a fe na resurrección de Cristo.

As cuestións de *escatoloxía* e da *oración* son cuestións menores. Non pola súa importancia, senón porque son consecuencias das premisas anteriores. Como exemplo significativo, só nos queda comentar brevemente a primeira cuestión que sinala o documento: “a preocupación por reformular o dogma leva a Torres Queiruga a propor un «novo paradigma», segundo o cal unha noción correcta de creación debe respectar e fundar a autonomía das leis da natureza, pois non sería necesario aceptar xa «intervencións puntuais» de Deus no mundo. Isto leva o Autor a rexeitar os milagres e incluso a resurrección de Xesús Cristo como milagre susceptible de probas empíricas”. Escoitemos novamente ao cardenal Kasper na súa explicación teolóxica da mesma fe da Igrexa respecto dos milagres e da súa interpretación:

“Tradicionalmente enténdese o milagre como acontecemento perceptible que supera as posibilidades naturais, que é causado pola omnipotencia de Deus quebrantando ou, como mínimo, eludindo as causalidades naturais, servindo, xa que logo, de confirmación respecto da palabra reveladora. Este concepto apoloxético de milagre está, sen dúbida, pensado en estrita contraposición ao pensamento moderno das ciencias naturais e á idea dunha relación sen solución de continuidade entre causalidade e efecto. Mirado de preto vese que tal concepto de milagre é unha fórmula no aire. Tales milagres serían constatables só coñecendo de verdade e por enteiro todas as leis naturais e contemplándoas totalmente en cada caso particular. Só así poderíamos probar exactamente que un suceso ten que tomarse como causado inmediatamente por Deus. Pero tal coñecemento completo de todas as relacións posibles de causalidade, presuposto para a proba esixida, non nos é posible en ningún caso. Pero tamén desde a perspectiva teolóxica se presentan serios reparos contra este concepto de milagre. Deus non pode ser colocado endexamais no lugar dunha causalidade intramundana. Se se encontrase no mesmo nivel das causas intramundanas, xa non sería Deus, senón un ídolo. Se Deus ten que seguir sendo Deus, entón tamén os seus milagres teñen que ser considerados

como obra de causas segundas creadas. De non ser así, estarían no noso mundo como un meteoro extramundano e como un corpo extraño totalmente inasimilable. Prescindindo en absoluto da cuestión de se un suceso de tal índole é imaxinable en si, e prescindindo igualmente de se pode pensarse que algo apareza na realidade sen ser determinado polos seus condicionamentos, un milagre así, desconectado de toda relación de sentido intramundana e susceptible de ser probado claramente como intervención de Deus, non tería peso ningún tampouco teoloxicamente. Porque un milagre así forzaría a fe, suprimindo con isto a libre decisión” (*Ibid.*, 112-113).

E unhas páxinas máis adiante: “Unha intervención de Deus no sentido dunha acción súa inmediatamente visible é un absurdo teolóxico. Á chegada do reino de Deus pertence que a revelación de Deus na súa condición de tal libere o home para que sexa home e o mundo na súa mundanidade. Por iso vale, tamén, aplicado aos milagres, o seguinte: *a intensidade da independencia creada crece en relación directa e non inversa coa intensidade da actuación de Deus*” (*Ibid.*, 116-117). A “Notificación” dá por suposto que o concepto teolóxico de milagre é ese acontecemento perceptible que quebranta a causalidade natural. O cardenal Kasper rexeita ese concepto premoderno —igual que Torres Queiruga— en favor do concepto bíblico dos milagres entendidos como «portentos» (*dináméis*) e «signos» (*semeia*). Que o lector xulgue se a fe da Igrexa na acción de Deus no mundo —que diso é do que se trata— queda mellor expresada coa teoloxía do cardenal Kasper —coincidente, no fondo, coa de Torres Queiruga— ou coa formulación que adopta o texto da “Notificación”.

Concluimos xa esta nota de solidariedade co autor e de respecto leal á Comisión Episcopal cunhas últimas consideracións. O documento remata co desexo de que “o prof. Torres Queiruga siga clarificando o seu pensamento e de que o poña en plena consonancia coa tradición de fe autorizadamente ensinada polo Maxisterio da Igrexa”. Non se establece, pois, ningún tipo de sanción canónica máis aló do que xa supón esta advertencia pública. Anímase ao autor a seguir traballando, estudando, escribindo e falando —que é a forma como un teólogo clarifica o seu pensamento— xa que,

segundo se pode deducir do texto citado, as discordancias detectadas non parece que teñan carácter definitivo, senón que poden ser provisionais. E se no futuro desaparecen as discordancias debido a unha mellor comprensión dos membros da Comisión Episcopal do pensamento do autor? Cónstanos que Torres Queiruga seguirá traballando na clarificación da fe da Igrexa. De seguro que non se negará a un ulterior diálogo, que, pola contra, sempre buscou e afirma estar disposto a seguir buscando. De feito, o autor sostén publicamente que non foi debidamente escoitado e debidamente comprendido. Unha advertencia non é unha sentenza definitiva. Poderá o Maxisterio da Igrexa correr o risco de non continuar ese proceso de mutua comprensión e mutuo achegamento? Non resultaría enriquecida con el toda a comunidade eclesial?

Desde *Encrucillada* cremos que a mellor maneira de recibir as achegas dun teólogo é estudalo na súa globalidade, cunha hermenéutica cordial que busque a mellor das interpretacións posibles para así mellor comprendelo, valoralo, críticoalo sinalando os seus límites (lexítimos e non por iso automaticamente heterodoxos), pero tamén destacando os seus acertos. Do que se trata é de pensar conxuntamente canda o autor coa máxima liberdade crítica, pero dende unha seria consideración das súas propostas. Esta é a clave: unha seria, íntegra, obxectiva e sincera consideración das súas propostas. Isto só se pode facer cun diálogo aberto, continuado, fraternal e construtivo. Desde *Encrucillada* queremos contribuír a ese diálogo coa publicación do libro *Repensar a teoloxía. Recuperar o cristianismo*, Galaxia, Vigo, 2012. Un libro homenaxe na xubilación de Torres Queiruga, onde se discute co seu pensamento en traballos publicados en castelán, galego, portugués e italiano. Unha discusión aberta, sincera e crítica que sería desexable que a Comisión Episcopal prolongase en aras de que, en xustiza e ante Deus, non se escureza a intención e a verdade dunha teoloxía que, ao noso ver —polo que di o autor e polo que amosa o documento— non foi acaidamente estudada, comprendida e avaliada.

## Consello de Redacción de Encrucillada